

Queridas familias,

Dirixímonos a vós para lembraros que este venres temos assemblea da ANPA. Nesta reunión daremos conta de asuntos varios de interese para a comunidade escolar e renovaremos a directiva. Sobre este punto gustaríanos chamar a vosa atención para o feito de que neste momento hai varias persoas con responsabilidades que queren deixar os seus cargos. O traballo que se fai dende a ANPA é un traballo voluntario que facemos no noso tempo libre, aínda así é un traballo gratificante porque está destinado a todas as familias que formamos a comunidade do Toural.

A nosa ANPA leva muitísimos anos funcionando, ten feito muito traballo e xestionado muitas actividades. Nestes últimos anos é a responsable da xestión do comedor escolar, é quen organiza as extraescolares, antes da pandemia organizaba as saídas de fin de curso, a ANPA conseguiu axudas económicas para levar adiante proxectos educativos en colaboración coa dirección do Toural, tamén a ANPA se ocupa de tramitar axudas destinadas ao fondo social e, a ANPA, sobretudo, é a representación de nais e pais dentro do centro de ensino, é o mediador ante os conflitos e participa na toma de decisións dentro do centro educativo.

No momento en que nos encontramos agora vemos que a nosa asociación corre o risco de desaparecer dado que a día de hoxe non se presentou ningún voluntario para facerse cargo das responsabilidades. Para nós e para toda a comunidade escolar do Toural sería unha perda lamentable e esta perda suporía un dano irreparable, pois veríamonos obrigados a pechar de inmediato o comedor e todas as actividades extraescolares, así como tamén perderíamos as axudas económicas para o presente curso.

Por todo o exposto, solicitamos encarecidamente que as familias asistan á reunión deste venres e aquelas persoas que teñan interese e dispoñibilidade acudan á assemblea con ganas de formar parte da directiva.

Un cordial saúdo,

ANPA O Toural